

## APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL (MODELO SIMPLIFICADO) PARA O EXERCICIO 2020

**Expediente n.:** 452/2019

**Informe de Control Permanente Previo:** CPP.E05.001. Evaluación del cumplimiento de las reglas fiscales en aprobación, modificación y liquidación del presupuesto

**Procedemento:** Aprobación do Orzamento Municipal (Modelo Simplificado) para o exercicio 2020

**Asunto:** REGLA DE GASTO , ESTABILIDADE E DEBEDA

**Natureza do documento:**  Borrador  Provisional  Definitivo

**Documento asinado por:** O Interventor

### INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AVALIACIÓN DE REGRAS FISCAIS

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b.6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte:

#### INFORME

**PRIMEIRO.** A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Ademais, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.



Así mesmo e no que respecta á débeda, o límite de débeda da Administración Pública non poderá superar o valor de referencia fixado en termos do Produto Interior Bruto.

**SEGUNDO.** Lexislación aplicable:

- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.<sup>[1]</sup>
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- Os artigos 4.1.b, 15.3.c, 15.4.e, 16.4 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigación de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

**TERCEIRO.** O artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4 *[no suposto de Informe para a aprobación do Orzamento]* , do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto

---

1. A Disposición Derogatoria Única da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), non derroga expresamente o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, polo que seguirá vixente no que non contradiga LOEPSF.



## APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL (MODELO SIMPLIFICADO) PARA O EXERCICIO 2020

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

**CUARTO.** Entidades que forma o Perímetro de Consolidación.

O perímetro de consolidación deste Municipio está formado polo propio Concello.

**QUINTO.** Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

O cálculo da variable capacidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense, a nivel consolidado, da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, obsérvase: O importe dos ingresos Cap. 1 a 7 ascende a cantidade de 1.096.837 euros e os mesmos capítulos de gastos ascenden a 1.045.191 euros .

A suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Ingresos, é maior, á suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Gastos. É dicir, os ingresos dos capítulos I a VII do Orzamento son suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do Orzamento de gastos, o que representa unha situación de superavit orzamentario.

En consecuencia, cumprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento .

### REGLA DE GASTO

A regra de gasto calcularase comprobando que a variación do gasto computable entre os anos n e n-1 non supere a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto.

Entenderase por gasto computable aos empregos non financeiros (os gastos dos capítulos I a VII do Orzamento) definidos en termos do SEC-10, excluídos os



## APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL (MODELO SIMPLIFICADO) PARA O EXERCICIO 2020

intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

A taxa de referencia de crecemento do PIB da economía española a medio prazo para o Orzamento do ano 2020 é de 2,8%, de maneira que o gasto computable neste exercicio, non poderá aumentar por encima da mesma.

**O gasto computable da liquidación 2018 ascendeu a 629.689,96 euros. O límite do exercicio 2019 co incremento do 2,7% ascende a 646.690 euros. A previsión do orzamento 2020 de gasto nos capítulos 1 a 7 é de 1.045.191 euros**

- **Axustes SEC-10:** Orzamento 2020
  - Axuste Intereses 7.000 euros
  - Axuste fondos finalistas Cap. 4 238.707 euros
  - Axuste fondos finalistas cap.7 168.322 euros
- **Gasto computable previsto 2020 631.162 euros**

**B.** A avaliación do cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación do orzamento 2020 presenta os seguintes resultados:

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados obsérvase que o gasto computable consolidado é de 646.690 euros no ano 2019 , e de 631.162 euros no ano 2020 como previsión do orzamento proposto.

Por tanto, a variación do gasto computable é menor á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, situada no 2,8% para o exercicio 2020.

Así as cousas, esta entidade cumpre o obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio. Pendente de analizar a liquidación 2019 o límite da regra de gasto para o 2020 sería de 664.181 euros ( previsión 2019 646.690 . 2,8% )

**SÉTIMO.** Cumprimento do límite de Débeda.

**A debeda viva a estas datas é a seguinte :**



**APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL (MODELO  
SIMPLIFICADO) PARA O EXERCICIO 2020**

---

<b>Prestamo agrupado do ICO Banco Santander</b>	<b>408.326,99 euros</b>
<b>Prestamo BBVA</b>	<b>91.666,88 euros</b>
<b>SUMA TOTAL</b>	<b>499.993,87 euros</b>

**Os ingresos ordinarios da Liquidación 2018 ascenderon a 940.762,17 euros e xa que logo a carga financeira situase no 53% estando por debaixo do límite legal establecido . Con todo faise necesario aproveitar a carencia ate o 2022 do préstamo agrupado no banco Santander para cancelar anticipadamente o préstamo do BBVA ao que se adican 61.647 euros na proposta de orzamento para o 2020.**

Así as cousas, esta entidade cumpre o obxectivo do límite de Débeda Pública, establecido no 75 %, de acordo con normativa vixente.

Deberanse cubrir asimismo os servizos de recollida e tratamento de lixo e de abastecemento e depuración de residuais coas tarifas correspondentes nas ordenanzas dado que seguen resultando moi deficitarias.

**Sendo o resultado do control permanente previo do expediente**

**Cumplimento**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: AWDE676AFCY3SDAC3HSLHLTW | Corrección: <http://amezquita.selectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5